

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA SETE DE MAIO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO.****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas do día sete de maio de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA****1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares.**

2.1 -Instancia núm. 20130000000314 de don Manuel Louzao Rivadulla.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a modificación da licenza de obra concedida para cerramento (expediente 2012/006/000015), consistente en colocar base de bloque/pedra, de aproximadamente 50 cm. de alto na obra solicitada inicialmente e nunha lonxitude de 100 m. no lugar de Vista Alegre, a emprazar en Solo de Núcleo Rural (N-1), segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: A distancia mínima será a establecida polo Ministerio de Fomento. Garantírase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes cos outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócolo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e nove euros con oitenta e oito céntimos (#89,88#)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 2.2.- Instancia núm. 201300000000434 de don José Antonio Andújar Tato.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio de aproximadamente 150 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar a tella existente, situado en Xián, en solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento doce euros con corenta e catro céntimos (#112,44#)

### 2.3.- Instancia núm. 201300000000448 de don José Luís Mogo Otero.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación de cerre existente, de aproximadamente 20 m. de lonxitude, consistente en encintado do mesmo, situado en Afós, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación e non afectaran á estrutura da mesma.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

### 2.4.-Instancia núm. 201300000000488 de don Severino Mougán Lobato.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construcción dun peche en dous tramos de aproximadamente 18 m. e 25 m. respectivamente, con base de pedra, postes e arame, no lugar de Vilar, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o peche será de 5,00 m. de distancia dende o eixe da vía. Garantírase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócolo de fábrica será de pedra do país. Ademais a altura máxima total do peche será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m. Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal



correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de sesenta e seis euros con noventa e tres céntimos (#66,93#).

#### 2.5.- Instancia núm. 201300000000497 de don Ramón Tallón Vidal.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 35 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situado en Socastro, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincuenta euros (#50,00#)

#### 2.6.- Instancia núm. 201300000000487 de don Francisco José Romero Guzmán.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 120 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar a tella existente, situada en Torre, en solo rústico de protección de augas (R-5) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais, en cumprimento da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e a cor utilizada nas fachadas será branca ou tons suaves acordes co entorno.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de oitenta e nove euros con noventa e cinco céntimos (#89,95#)

#### **3º.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas que rexerán a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de reparación e mantemento do material da iluminación pública do Concello de Vedra.**

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas que rexerán a contratación , mediante procedemento aberto, varios criterios de



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



adxudicación, do contrato de servizos consistente na reparación e mantemento do material da iluminación pública no Concello de Vedra.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

### **4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude do plan de financiamento dos servizos sociais básicos para o exercicio 2013.**

Dáse conta das bases reguladoras do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013 (BOP núm. 75/13, do 19 de abril).

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Segundo.- Adherirse ao Plan de servizos sociais comunitarios básicos da Deputación da Coruña para o 2013, de acordo coas contías xerais previstas no anexo I do plan e co financiamento que se indica no proxecto de servizos sociais comunitarios básicos (anexo 3) que se achega coa solicitude.

Terceiro.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coa súa achega económicas os módulos obxecto de financiamento.

Cuarto.- Aceptar o compromiso de dar publicidade á achega provincial e a facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacíons polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.

Quinto.- A entidade acepta a regularización financeira para compensar as achegas cos remanentes de exercicios anteriores.

Sexto.- Facultar expresamente ao Alcalde da entidade local para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **5º.- Dar conta de Resolucíons da Alcaldía**

Dáse conta das seguintes Resolucíons da Alcaldía do mes de abril

Nº Decreto	Data	Asunto
101	01/04/2013	Modificación tarifas SAF dependentes
102	01/04/2013	Modificación tarifas SAF usuarios libre concurrencia
103	01/04/2013	Cambio domicilio de José Luís Domínguez Galán
104	02/04/2013	Modificación intensidade SAF de Francisco Félix Araujo Varela
105	02/04/2013	Autorización fogos artificio en Vilanova
106	02/04/2013	Arquivo denuncia presentada para limpeza de leira en Xián -San Pedro de Sarandón
107	04/04/2013	Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Yolanda Martínez Sanín
108	04/04/2013	Iniciación expediente reposición da legalidade por obras de construcción de dous piares en Pousada de Abaixo
109	04/04/2013	Cambio de domicilio de Jorge García López



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



110	05/04/2013	Aprobación lista provisional de admitidos, excluídos, designación de tribunal e constitución do mesmo proceso de funcionarización de auxiliar administrativo
111	08/04/2013	Incoando expediente limpeza de fincas en Pousada de Abaixo cuxos propietarios son María de la Fuente Pedreira e Manuel Cabo Silva
112	11/04/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Vanessa Martínez Sanín e fillo
113	11/04/2013	Baixa liquidacións taxa de lixo de José Gerpe Oreiro a proposta da Deputación
114	12/04/2013	Autorizando corte vías municipais para proba Duatlon (San Fins de Sales)
115	12/04/2013	Alta gardería municipal da menor Carolina Pernas Núñez
116	12/04/2013	Reincorporación ao posto de traballo de Lucía Sevio Barrio
117	15/04/2013	Baixa SAF de Roberto Alonso Millán
118	15/04/2013	Corrección de oficio da achega SAF de Tirso Carbia Méndez (decreto 102/2013)
119	18/04/2013	Cambio de domicilio de Susana Segade Ferreiro
120	18/04/2013	Imposición 4ª multa coercitiva a Invergar Marvil S.L por incumprimento orde de execución de data 06/10/2011
121	22/04/2013	Baixa SAF de Manuel Otero Cacabelos
122	22/04/2013	Licitación provisional concesión servizo de abastecemento e saneamento, mediante procedemento negociado
123	22/04/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Mª. José Barreiro Sobredo
124	22/04/2013	Autorización corte de pistas para a Festa da Orella de San Fins de Sales
125	22/04/2013	Autorización festa da Orella
126	22/04/2013	Regularización trienios da traballadora Lidia Carpinteiro Quintás
127	23/04/2013	Ampliación intensidade SAF a Mª. Lourdes García Campos
128	23/04/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Ana Margarita Chao González
129	23/04/2013	Alta padrón municipal de habitantes de María Alicia Martínez Díaz
130	23/04/2013	Alta na gardería municipal do menor Pablo Barreiro Mosteiro
131	25/04/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Laura Nande Garaboa
132	25/04/2013	Aprobación lista definitiva de admitidos/excluídos, confirmación tribunal e constitución do mesmo do proceso de funcionarización para auxiliar administrativo
133	25/04/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Mª. Del Carmen Carbia Rosende
134	29/04/2013	Cambio titularidade recibos taxa lixo e sumidoiros da vivenda nº 7 de Cibrán -San Xián



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



135	29/04/2013	Autorización fogos de artificio en Merín
136	30/04/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Beatriz Gómez Morales
137	30/04/2013	Limpeza de leira que invade vía en San Xián de Sales
138	30/04/2013	Limpeza de leira en Cibrán-San Xián de Sales propiedade de Dolores Iglesias Gacio
139	30/04/2013	Ampliación permiso corte da estrada en Ponte Ulla para a festa da xuventude

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 6º.- Outros asuntos.

#### 6.1.- Solicitud de atención domiciliaria.

Dáse conta do escrito núm. 506/13 no que don Orlando Carbia García, en representación de don Agustín Carbia Rosende, con domicilio en Xián nº 6 -San Pedro de Sarandón, solicita atención domiciliaria en concepto de tarefas domésticas e atención persoal.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo coa proposta da traballadora social, acorda concederlle a atención domiciliaria solicitada cunha intensidade de 30 horas mensuais en horario de luns a venres, e aprobar unha achega económica do usuario de 2,14 euros/hora segundo a ordenanza reguladora do servizo.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.